

COLECCIÓN HOMENAXES Nº 5

HOMENAXE NO 25 ANIVERSARIO  
DOS PREMIOS

# *Primeiro de Maio*

*ao compromiso social e á solidariedade*



EDICIÓN AO COIDADO DE  
**Benxamín Rocha Coladas**  
(coord.)

Fundación 10 de Marzo

## Movemento Democrático de Mulleres



O triunfo da II República en 1931 supuxera un intento de afrontar profundas reformas democráticas na sociedade española, entre elas o recoñecemento, por primeira vez, do dereito de voto ás mulleres no camiño de acadar a igualdade de dereitos entre homes e mulleres. Pero a ditadura de Franco truncou de golpe calquera esperanza de igualdade. A Falanxe e a igrexa católica predicaban que a opresión e o sometemento da muller ao home era algo “natural”, tal como recollía a Biblia.

Como consecuencia, a persecución das liberdades e a negación dos dereitos cidadáns en España cébase especialmente nas muller polo mero feito de ser muller: as casadas non podían dispoñer dos bens parafernais, nin aceptar herdanzas, nin comparecer en xuízo por si mesmas, nin contratar...

Neste contexto, o MDM implícase decididamente, a partir dos anos sesenta, na loita política pola democracia como o mellor marco para acadar as liberdades e a abolición de todas as leis que relegaban a muller a un posto secundario na sociedade.

No ano 1963, reuníronse as mulleres do Partido Comunista para iniciar os traballos de realizar seminarios e estudos sobre a defensa das mulleres e as discriminacións que existían no réxime de Franco.

A finais de 1964 e comezo de 1965, o número de mulleres que participaban nestas actividades en Madrid acadaba xa a centena e moitas delas, amas de casa, traballadoras da industria, da cultura, das artes, etc., implícanse en desenvolver un amplo movemento a prol dos dereitos das mulleres e pola conquista das liberdades.

Tratábase de buscar canles legais que facilitasen o traballo, como xa se viña facendo a través do *Club de Amigos da Unesco*. Acórdase traballar na *Asociación de Amas de Casa* e na *Asociación de Consumidores*, asociacións culturais, grupos católicos progresistas e a poiar o movemento sindical a través das distintas agrupacións cidadás.

Este grupo de mulleres xa intentaran no seu momento legalizarse co seu nome propio MOVIMIENTO DEMOCRÁTICO DE MULLERES —MDM—, pero ao non ser posible, decidiron manterse como ata daquela estendendo a organización ao conxunto do estado e seguir co labor na clandestinidade tal como facían as Comisións Obreiras.

Nos anos 1966 e 1967 decídese facer público o MDM e o seu programa.

Unha compañeira, integrada no *Club de Amigos da Unesco* e no *Movimiento Democrático de Mulleres*, veu vivir a Vigo, situación que aproveitou o Partido Comunista para desenvolver a constitución do movemento em Vigo e em Galicia.

Comezou o traballo tomando contacto coas mulleres máis concienciadas e o número de activistas comprometidas foi medrando con éxito.

Na ponte do 8 de decembro de 1970, sabedoras de que o traballo en Vigo se ía coñecendo nas cidades galegas, aproveitando que se fixera unha recolecta de cartos para os traballadores da empresa Peninsular Madeireira de Ferrol, tomaron contacto con elas e acordaron convocar unha xuntanza para constituír o Movemento Democrático de Mulleres de Galicia.

O Partido Comunista colaborou na organización da devandita reunión poñendo ao seu dispor a infraestrutura clandestina que garante a seguridade da xuntanza e a asistencia á mesma dunha compañeira da organización estatal.

Esta primeira xuntanza serviu para iniciar o traballo a nivel local e, despois, en toda Galicia. Comezouse a editar o boletín *A Muller e a Loita* en Vigo e a manter reunións intensivas en distintas cidades, a confeccionar os Estatutos de Galicia para facer o Congreso Constituínte do MDM de Galicia.

Con todo organizado e preparado, sinalouse a data para o dito Congreso; sería o doce de marzo de mil novecentos setenta e dous. Convidouse ás compañeiras de Madrid e organizouse un equipo de seguridade que permitise levar a cabo o Congreso na clandestinidade co menor risco posible.

Por desgraza, os feitos acontecidos o día 10 de marzo en Ferrol complicaron a seguridade e o desenvolvemento deste Congreso. Evidentemente, as compañeiras de Ferrol non puideron sequera saír da súa cidade, da Coruña só chegou unha, do resto de Galicia estaban todas as que tiñan que asistir, e acordouse seguir co Congreso, aínda que as compañeiras de Madrid, xa en Santiago, non puideron participar.

O Congreso planificou todo o traballo do Movemento Democrático de Mulleres de Galicia, xa constituído, e traballa sen descanso na defensa e na loita por conseguir os cambios sociais necesarios para non só lograr a igualdade de dereitos entre mulleres e homes, senón facer desaparecer todo aquilo que as discriminaba.

Despois do desgrazado 10 de marzo e unha vez de volta o traballo en Ferrol e da folga xeral de setembro en Vigo, onde a conciencia de loita tomou moita forza, fíxose público o programa de traballo, intensificouse a tirada do Boletín e participouse en todas as loitas sociais que había.

O MDM participa activamente na solidariedade cos despedidos, represaliados e presos políticos e as súas familias, como consecuencia das loitas levadas a cabo durante a folga xeral en setembro, axudándoas con medios económicos e apoio psicolóxico, levando alimento aos presos no cárcere, así como organizando manifestacións de apoio aos traballadores de H. J. Barreras



© Fundación 10 de Marzo, 2010

Vía Pasteur 45 B - Polígono do Tambre

15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

[www.f10m.org](http://www.f10m.org)

[f10m.sn@galicia.ccoo.es](mailto:f10m.sn@galicia.ccoo.es)

ESCULTURA DOS PREMIOS REALIZADA POR:

Juan Vázquez

RESPONSABLES DA EDICIÓN:

Benxamín Rocha Coladas (coord.)

Montserrat Carrera Leirós

Amelia Pérez Álvarez

Elena Rodríguez Giráldez

Gloria Varela Diz

José Cameselle Romero

José Manuel Fernández Pérez

José Iglesias Fernández

DESEÑO DE EDICIÓN E GRÁFICA:

Alejandro Vidal

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas S. A.

Dep. Legal C 1511-2010

ISBN 84-937546-4-1

HOMENAXE NO

**25 aniversario dos  
Premios Primeiro de Maio  
ao compromiso social  
e á solidariedade**



EDICIÓN AO COIDADO DE:

Benxamín Rocha Coladas (coord.)

FUNDACIÓN 10 DE MARZO

2010